Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Fauna

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Coto da Moura de Campolongo

O Coto da Moura está en Campolongo, San Salvador de Coruxo, concello de Vigo (Pontevedra) e existen alí gravuras con círculos, cazoletas e unha figura xadrezada.

Pasou que ía un mozo polo monte e viu unha muller moi bonita que se estaba peiteando.

□¿Que fas aquí? ¡Vente comigo!□díxolle o mozo.

□Non podo saír deste couto porque estou encantada□respondeulle a dama.

□¿E logo que teño que facer para romper o encanto?

□Pois eu □respondeu ela□ voume meter no couto e vou saír en figura de serpe, e logo subirei por ti arriba. Se non dis □Deus□ eu regresarei ao interior e volverei a saír en figura de muller e cun carro cheo de ouro. Despois xa me podo ir contigo.

O mozo asentiu e a moza entrou no couto. Cando saíu en figura de serpe comezou a subirlle ao rapaz polas pernas; mais, cando lle chegou ao peito, xa non aguantou e dixo:

□¡Ai, meu Deus!

Dixo isto e a serpe meteuse dentro do monte. Aos pouscos escoitouse un grande estampido e xa non se volveu a ver a moza moura.

Outros aseguran que a moura é rubia e que se deixa ver ás doce da noite peiteándose.

Tamén se ten visto naquel lugar polas noites a un home rezando cunha vela nunha man e un libro na outra.

BIBLIOGRAFÍA

APARICIO CASADO, B., Mouras, serpientes, tesoros y otros encantos. Mitología popular gallega, Cadernos do Seminario de Sargadelos, 80, Edicións do Castro, Sada, 1999.

COSTAS GOBERNA, F. J.; Petroglifos del litoral su de la ría de Vigo (Valles Fragoso y Miñor), Publicaciones del Museo Municipal "Quiñones de León", nº 8, Vigo.